Regulamento de colaboración do persoal de administración e servicios desta universidade en cursos e convenios de investigación

(Resolución rectoral do 20 de maio de 1989)

(D.O.G. do 12 de xullo de 1989)

Resolución do 20 de maio de 1989 pola que se aproba o Regulamento de colaboración do persoal de administración e servicios desta Universidade en cursos e convenios de investigación.

O sustancial incremento da actividade investigadora da Universidade ó abeiro do artigo 11 da Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria fai preciso aborda-la regulamentación de distintos aspectos necesarios para facilita-lo desenvolvemento da xestión administrativa dos convenios e cursos correspondentes.

Un deses aspectos é a colaboración neles do persoal de administración e servicios.

En resposta a esa necesidade, e logo da aprobación da Xunta de Goberno e do Consello Social nas sesións do 11-5-89 e do 17-5-89 respectivamente, este rectorado resolve:

Aproba-lo Regulamento de colaboración do persoal de administración e servicios desta Universidade en cursos e convenios de investigación que se acompaña como anexo a esta Resolución.

REGULAMENTO DE COLABORACIÓN DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS EN CURSOS E CONVENIOS

NORMA 1ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1.- O presente regulamento é de aplicación para o PAS funcionario e laboral da Universidade de Santiago que colabore na realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico e no desenvolvemento de cursos de especialización a que alude o artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria.

2.- Inclúense no ámbito deste Regulamento os traballos que estean en concordancia coa categoría profesional que consta no seu contrato ou os que poida desenvolver pola súa pertenza ó corpo ou escala.

3.- Quedan excluídas as funcións que deban ser atendidas polos efectivos do cadro de persoal da Universidade de Santiago tanto laboral como funcionarial.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4.- Así mesmo, exclúense deste ámbito traballos relacionados con titulacións ou circunstancias persoais á marxe do establecido no parágrafo anterior.

NORMA 2ª.-

Para colaborar nas actividades referidas no artigo primeiro será necesario o previo nomeamento como persoal colaborador. Esta facultade correspóndelle ó Rector.

NORMA 3ª.-

Para que o nomeamento poida facerse efectivo será necesario que concorran as seguintes condicións:

a) O traballo deberá realizarse sempre fóra das horas de servicio establecidas para o persoal.

b) No proxecto do convenio ou curso, deberase indicar, referente ó PAS:

1.- Datos persoais.

2.- Categoría profesional e posto de traballo.

3.- Xornada de traballo que vai desenvolver.

4.- Prazo de execución do traballo.

5.- Retribucións que se propoñen.

6.- Descrición do traballo que se vai desenvolver.

NORMA 4ª.-

As retribucións que perciba o PAS funcionario que terán a consideración de gratificacións por traballos extraordinarios, no marco do establecido na Lei 30/1984, de medidas para a reforma da Función Pública.

As correspondentes ó PAS laboral terán a consideración de plus de actividade por servicio extraordinario, segundo o establecido no Decreto 2380/1984, do 17 de agosto, de ordenación de salarios.

NORMA 5ª.-

As retribucións que perciba o PAS por este concepto non poderán supera-los haberes brutos anuais que lle correspondan polo desempeño do seu posto no cadro de persoal.

Non terán esta consideración as retribucións percibidas polo desempeño de cargos académicos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

NORMA 6ª.-

O pagamento das retribucións correspondentes efectuarase nunha nómina complementaria á xeral da Universidade aplicando os descontos que legalmente correspondan.

NORMA 7ª.-

As contías asignadas no presuposto da Universidade para retribuír ó PAS que colabore no convenio ou curso non se inclúen na masa salarial nin no crédito que a Comunidade Autónoma aproba para o cadro de persoal non docente, tendo a consideración de créditos adicionais.

NORMA 8ª.-

Os pagamentos do persoal vinculado ó convenio faranse con cargo ó crédito existente no presuposto da Universidade para o mesmo.

Cando o PAS colabore no desenvolvemento dun curso, as retribucións percibiraas con cargo á partida presupostaria do capítulo primeiro creada para o efecto. Dos ingresos que xere o curso, a Universidade retraerá a contía correspondente ó importe total das retribucións do PAS.

O crédito da partida presupostaria creada terá a consideración de ampliable ó abeiro do establecido no artigo 229.1 dos Estatutos da Universidade de Santiago e financiarase con cargo ós créditos do curso.

NORMA 9ª.-

A Oficina de Proxectos de Investigación comprobará, previamente á remisión ó órgano competente para a súa aprobación, que a proposta se axusta ó establecido no presente regulamento e reclamará informe do Servicio de PAS relativo ó cumprimento do establecido nas normas 1ª e 5ª.

NORMA 10ª.-

Unha vez aprobado e asinado o convenio ou curso, a Oficina de Proxectos de Investigación tramitará os nomeamentos do persoal vinculado a eles.

NORMA 11ª.-

Os nomeamentos deberán incluír:

-Título do convenio ou curso.

-Titular.

-Partida presupostaria.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

-Datos persoais.

-Xornada de traballo.

-Período de colaboración.

-Retribucións mensuais e total

-Traballo que se vai desenvolver.

NORMA 12ª.-

A Oficina de Proxectos de Investigación remitirá ó propoñente unha copia dos nomeamentos asinados polo Rector.

Así mesmo, a OPI remitirá os nomeamentos ós interesados e unha copia dos mesmos ó responsable de asuntos económicos asignado, co fin de que proceda a tramita-lo documento contable de autorización de gasto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A participación do PAS como profesores en cursos de formación e perfeccionamento axustarase ó establecido na Lei de Incompatibilidades.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En tanto non se cree a oficina de Proxectos de Investigación, as funcións a ela asignadas serán desenvolvidas pola Sección de Apoio á Investigación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.